

A MEMORIA DA PEDRA. O claustro do Museo Provincial de Lugo e as coleccións que alberga

A MEMORIA DA PEDRA. O claustro do Museo Provincial de Lugo e as coleccións que alberga

INSCRICIÓN



Prazo de inscrición: 13 de marzo ao 9 de abril de 2026.
Acceso ao formulario dende o QR

Dirección e coordinación científica

direccion@museolugo.org • 982 242 112

AVISO LEGAL: Os datos de carácter persoal serán incorporados á actividade de tratamento “Actividades de promoción e difusión” cuxo responsable é a Deputación de Lugo, coa finalidade de xestión e desenvolvemento das actividades de promoción e divulgación da Deputación de Lugo. A licitude do tratamento dos datos baséase no consentimento para participar nas actividades. Os datos persoais dos interesados non serán comunicados, salvo consentimento do interesado o do seu representante legal. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade e oposición do tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido á Deputación de Lugo, en Rúa San Marcos, 8, 27001-Lugo ou a través da sede electrónica da mesma (<https://sede.deputacionlugo.org>). No seu caso, poderase revogar o consentimento outorgado enviando un correo á dirección: protecciondatos@deputacionlugo.org. Pódese consultar información adicional e detallada sobre esta actividade de tratamento na seguinte ligazón (https://www.deputacionlugo.gal/lopd/info_adicional/actividades_promocion_difusion).

LUGAR: Salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo

PRAZAS: 130 presenciais

MODALIDADES: Presencial e en liña

INSCRICIÓN: Obrigatoria a inscrición previa, gratuíta e por rigorosa orde de entrada. Enviarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas (13,5 horas lectivas). Para a súa obtención é preciso asistir ao 75% das sesións.

Museo Provincial de Lugo
Praza da Soidade, s/n
982 242 112
direccion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.comunidadermpl.gal

ORGANIZACIÓN: Museo Provincial de Lugo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN CIENTÍFICA:

Aurelia Balseiro García (Directora do Museo Provincial de Lugo), e M.^a Ofelia Carnero Vázquez (Departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL)

SECRETARÍA TÉCNICA: Victoria García Soengas (Negociado de Coleccións do MPL)

COLABORACIÓNS: Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Alicante, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS-CSIC), Centro de música Glissando



Museo Provincial de Lugo
10 e 11 abril • 2026



IX Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense

A MEMORIA DA PEDRA

O CLAUSTRO DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E AS COLECCIÓN S QUE ALBERGA

MOTIVACIÓN

O pasado 2025, co gallo da celebración do 570 aniversario do claustro do Museo Provincial de Lugo, deron comezo os traballos de mellora e acondicionamento deste senlleiro espazo do museo. Estas intervencións continúan en 2026, cando se cumpren 95 anos da súa declaración como Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931), actualmente Ben de Interese Cultural. A tal efecto, organizamos un espazo de reflexión, debate e intercambio para analizar a historia do claustro do MPL e das coleccións arqueolóxicas que alberga, nunhas xornadas abertas e accesibles á cidadanía nas que se estudará este emblemático monumento como arquitectura e como espazo museal, seguindo como fio condutor a pedra, material que garda a memoria dos canteiros e artistas artífices da súa construción e da factura dos bens culturais que se expoñen ao abeiro das súas arcadas: un total de 205 pezas arqueolóxicas, as máis antigas do s. I e as máis modernas do s. XIX.

OBXECTIVOS

- Abordar, desde diferentes perspectivas, a historia e o contexto do claustro do MPL e das súas exposicións de arqueoloxía.
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social, a nivel local e xeral, desde formulacións interdisciplinares e transversais.
- Visualizar estratexias de socialización, difusión e divulgación científica para un mellor coñecemento do claustro do MPL.
- Contribuír ao seu estudo científico por parte de investigadores e institucións para xerar novos contidos e transferilos a sociedade.
- Dar a coñecer as pezas das coleccións de arqueoloxía do MPL que se expoñen no claustro, así como a memoria histórica do patrimonio inmaterial asociado a este espazo.
- Integrar e relacionar a profesionais de diversas disciplinas (historia, arte, arqueoloxía, epigrafía, heráldica, educación, turismo, xestión cultural, xornalismo, música, creación artística...), establecendo colaboracións para interactuar conxuntamente.
- Crear un espazo de reflexión, debate, intercambio e participación interdisciplinar aberto á cidadanía.
- Comunicar o patrimonio cultural cun enfoque pluridisciplinar, integrador e sostible.
- Promover as boas prácticas de actuación para incentivar o desenvolvemento cultural.
- Fomentar as relacións institucionais con outras entidades académicas e culturais para establecer camiños converxentes de actuacións.

PROGRAMA

09:00 h	Acreditación de asistentes.
09:30 h	Presentación oficial.
09:45 h	Conferencia inaugural. <i>San Francisco de Lugo. Claustro, espazos e significados.</i> Dolores Fraga Sampedro.
10:30 h	<i>Dende o alto das columnas: un percorrido pola colección de capiteis expostos no claustro do Museo Provincial de Lugo.</i> Celia Vila Fernández.
11:15 h	<i>O soño eterno no claustro: os sepulcros do Museo Provincial de Lugo.</i> Marta Cendón Fernández.
12:00 h	Pausa.
12:30 h	<i>A colección de heráldica no Museo Provincial de Lugo.</i> Eduardo Pardo de Guevara y Valdés e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda.
13:15 h	<i>A pedra como soporte do sagrado: mobiliario relixioso e escultura devocional no claustro do Museo Provincial de Lugo.</i> Dolores Barral Rivadulla.
14:00 h	Debate-coloquio.
	

16:30 h	<i>Os franciscanos en Lugo: o convento de San Francisco.</i> Juan Manuel Buján García.
17:15 h	<i>Do patrimonio cultural á experiencia dixital: máis alá da tecnoloxía.</i> Manuel Gago Mariño.
18:00 h	Mesa redonda: <i>Relatorios e memorias de patrimonio inmaterial. Historias arredor do claustro do Museo Provincial de Lugo.</i> Antonio Reigosa e Marta Prieto. Modera: Aurelia Balseiro García.
19:15 h	Concerto da orquestra de cámara Lug con proxección de Marta Prieto.
20:30 h	Finalización da xornada.

PROGRAMA

10:00 h	<i>A colección epigráfica romana do Museo Provincial de Lugo.</i> Juan Manuel Abascal Palazón.
11:30 h	<i>Petra Scripta: a epigrafía medieval no Museo Provincial de Lugo.</i> Carlos A. González.
12:00 h	Pausa.
12:30 h	Mesa redonda: <i>De espazo conventual a destino cultural: o claustro do Museo Provincial e Lugo desde a perspectiva do turismo patrimonial.</i> Mónica Díaz, Esther Acitores, Beatriz Pérez e Manuel Gago. Modera: Aurelia Balseiro.
14:00 h	Debate coloquio.
14:30 h	Clausura.

